

Convocatoria

AGEF entrega o XVIII Premio Familia Empresaria de Galicia á familia Añón Suárez, do grupo Hierros Añón

- O vindeiro martes 19 de novembro ás 13:30 h no Hotel Monumento San Francisco de Santiago de Compostela (Campillo de San Francisco, 3), nun acto que contará coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.
- Recolle o premio Manuel Añón Rey, presidente de Hierros Añón.
- O xornalista e aventureiro Sebastián Álvaro impartirá unha conferencia motivacional de benvida.

15 novembro de 2024.- O vindeiro martes 19 de novembro a Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) entregará o XVIII Premio Familia Empresaria de Galicia á familia Añón Suárez, fundadora e propietaria do grupo distribuidor de produtos siderúrxicos Hierros Añón. O galardón, que concede AGEF co apoio de CaixaBank, será recolleito por Manuel Añón Rey, presidente de Hierros Añón, en recoñecemento á internacionalización e crecemento desta compañía galega, que se converteu no primeiro grupo familiar europeo líder na distribución de aceiro.

O evento celebrarase no Hotel Monumento San Francisco de Santiago de Compostela, baixo o lema “Unidos pola tradición, impulsados pola innovación”, a partir das 13:30 h, e contará coa participación do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o presidente de AGEF, José Bernardo Silveira, e o director territorial Norte de CaixaBank, Juan Pedro Badiola.

Previamente, ás 12:30 h, o xornalista e aventureiro Sebastián Álvaro impartirá unha conferencia motivacional de benvida, co título “Liderazgo ao fío do imposible”.



Premio Familia Empresaria

O premio Familia Empresaria, outorgado pola Asociación Galega da Empresa Familiar, distingue con carácter anual desde 2005 a traxectoria empresarial e o arraigamento en Galicia das empresas de propiedade familiar da comunidade. As familias Fernández Álvarez-Santullano (grupo biofarmacéutico Zental), Pérez Canle (Aceites Abril) e Castro Romero (Servizo Móvil) foron as familias premiadas no últimas tres edicións.

Sobre AGEF

A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) é a principal asociación de empresas con raíces, sede social e vocación de permanencia en Galicia, integrada na actualidade por 62 compañías. O seu propósito é promover o desenvolvemento e crecemento das empresas familiares na nosa comunidade, defendendo os seus dereitos e intereses e apoiando iniciativas que as fagan máis competitivas, co obxecto de favorecer o incremento da prosperidade e calidade de vida de Galicia.